



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, A UNIVERSIDADE DA CORUÑA, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A UNIVERSIDADE DE VIGO, PARA A CONSTITUCIÓN DUN CONSORCIO INTERUNIVERSITARIO DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (CISUG)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, **DECLARA:**

Que a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, ten previsto formalizar coa Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día 28 de maio de 2018, data prevista para a súa sinatura, ata que se produza a extinción ou liquidación do consorcio que se constitúe en virtude del ou se extinga por acordo das partes.

Que o instrumento convencional ten por obxecto crear o Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) como entidade para lograr unha maior cooperación organizativa, económica, técnica e administrativa do Sistema Universitario Galego, para acadar unha maior calidade e eficiencia das universidades que o constitúen, homoxeneizando procesos e facilitando o intercambio de información.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:





A Lei 6/2013, do 13 de xuño, *do sistema universitario de Galicia*, establece que as universidades no exercicio da súa corresponsabilidade deberán crear un contorno de colaboración mutua, unificando esforzos para acadar obxectivos que lles son comúns e prevé no seu artigo 66 a creación dun consorcio interuniversitario que debe afondar no papel impulsor das universidades, comprometidas coa sociedade da que forman parte indisoluble, indicando que a Xunta de Galicia poderá participar no mesmo a través do departamento competente en materia de universidades.

Este novo consorcio suporá un fito importante de agregación de recursos entre todas as universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG), alén dun fluxo de comunicación constante para dar respostas aos problemas de xestión, aforrará custos, fomentará a colaboración e proporcionará unha maior transparencia e unha información rápida, auténtica e de calidade ao Sistema Universitario de Galicia.

Considérase que este sistema de colaboración na xestión por agregación de elementos é unha peza necesaria para unha nova xestión da Administración e vai beneficiar tanto ás persoas usuarias membros da comunidade universitaria, como ás administracións públicas e á sociedade en xeral.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela a 16 maio de 2018.

